

Imos de Magosto

O pasado 9 de Novembro, tódalas alumnas e os alumnos do colexio foron de Magosto.

Como cada mañá, as rapazas e os rapaces viñeron ó colexio, pero a xornada non ía ser coma tódalas demáis. Despois de entrar nas aulas coas titores e titores saíron todos ó patio para xogar. Os maiores xogaron un campionato de brilé, mentras os pequenos pasábano ben con xogos típicos do Magosto. Xogaron co paracaídas, con castañas...

Máis tarde xuntáronse e colleron ós abrigos para subir ó monte a comer. Había empanada, chourizos, e castañas. Ó principio parecía que a comida era pouca, pero ó final chegou perfectamente para todos. E eso que algúns repertiron varias veces...

Despois de comer andaron a brincar un rato máis polo monte. Uns corrían, outros



Preparados para o camiño de regreso

xogaban á pelota, outros paseaban.

Non faltaron os que andaban a pintar á xente cos carbuzos de asar as castañas. Os pequenos

fuxían dos grandes e refuxiábanse na capela cos profesores. Pero como había unha fonte alí mesmo, os que non querían volver pintados lavaron a cara antes de emprender o camiño de volta. Cando baixaron, case ninguén levaba a cara negra.

Por fin, chegou a hora de volver ó colexio. Colocáronse todos para a foto de grupo e puxéronse en marcha. O camiño de volta era máis doado, por ser cara abaixo, pero como moita xente xa ía cansada, fíxose máis difícil que a subida. Ademáis, non había moitas gañas de volver para a casa. Cando chegaron ó colexio, os autobuses xa agardaban na porta.

Agora a esperar ata o ano que ven.



Castañas e chourizos para todos.